

X Mostra de Teatro Amador "Terras do Orcellón" 2017 B A S E S

PREÁMBULO

Benvindos á Presentación da nosa Mostra de Teatro Amador. Como é habitual, as representacións celebraranse ás sete da tarde dos domingos 1, 8, 15, 22 e 29 do mes de Outubro de 2017 no Auditorio Municipal do Carballiño (426 localidades), que está dotado de baños, duchas con auga quente, camerinos, cámara negra, luces e son.

Pero... intentaremos ampliar as representacións ós días 5, 12, 19 e 26 de Novembro. Todo dependerá da economía da nosa asociación e do bo fin das subvencións solicitadas.

Amais dos servizo propio do Auditorio, Tiruleque -salvo atrancos de última hora- porá a disposición dos grupos participantes o seguinte material:

<i>2 panoramas de 1.500 w</i>	<i>4 PAR 64 de 1.000 w (largos)</i>
<i>4 PAR 56 de 300 w (largos)</i>	<i>4 PAR 56 de 300 w (curtos)</i>
<i>1 PC de 500 w</i>	<i>8 PC de 1000 w</i>
<i>2 recorte de 750 w</i>	<i>4 Focos Par Led COB Parc RGB</i>
<i>1 Foco estroboscópico regulable en velocidade e intensidade.</i>	<i>1 Equipo de son. (1 amplificador, 1 reprodutor de CD e outro de CD- DVD)</i>
<i>1 Regulador (dimmer) de 24 saídas</i>	<i>1 Mesa de mestura de luz de 2 x 12 canais.</i>
<i>2 Torres telescópicas de 5'50 m máximos, cun soporte (truss) de 13 mts. (2 + 2 + 3 + 3 + 3)</i>	<i>7 Trípodes auxiliares extensibles para focos.</i>
<i>2 Torres telescópicas de 3'50 m máximos</i>	<i>1 Proxector de imaxes.</i>

Mangueiras diversas de acometida eléctrica.

** Pero se queredes algo especial (e nos avisades con tempo) intentaremos telo ó voso dispor.*

Imos manter o importe de 800.- € que se viña pagando a cada grupo seleccionado pola súa actuación.

Seguimos insistido en que non está no noso ánimo aplicar as bases de participación dun xeito totalmente rixido e inflexible, porén si debemos manter un certo rigor para que a participación na Mostra poida amosarse en igualdade de condicións para todos vós. Por iso pedimos a vosa colaboración; para que presentedes as ofertas dentro do marco que solicitamos.

PRIMEIRO:

Son requisitos imprescindibles,

- 1.- Que as obras estean interpretadas no idioma galego.
- 2.- Que teñan unha duración de máis de 60 minutos.
- 3.- Que os grupos participantes sexan afeccionados.

SEGUNDO:

- 1.- Os grupos interesados en participar na X Mostra de Teatro Amador "Terras do Orcellón" 2017, deberán remitir ó enderezo de Tiruleque, que máis adiante se amosa:
 - 1.1- Ficha de Inscripción debidamente cuberta e firmada.
 - 1.2.- Catro fotos (mínimo) da representación da obra en formato JPG (ollo! non en PDF, TIFF o calquera outro formato).
 - 1.3.- DVD da obra ou enlace de internet onde se poida ver.
 - 1.4.- A data límite para enviar as inscricións será o día 30 de Xuño de 2017.
- 2.- Deberá terse en conta que os grupos seleccionados teñen a obriga de mandar 25 carteis en tamaño A3-Plus da obra a representar cando así lles sexa requirido pola organización da Mostra. No caso de non recibirse os amentados carteis, Tiruleque encargaráse da súa confección; porén os gastos da súa impresión correrán por conta do grupo seleccionado; importe que se deduciría do pago final.
- 3.- A carga e descarga do material, montar e desmontar a obra, será responsabilidade de cada grupo participante, aínda que Tiruleque estará sempre no Auditorio Municipal do Carballiño para recibir e asistirvos durante toda a xornada, como ven sendo costume e obriga que nos botamos derriba con gusto.
- 4.- Como é lóxico, a inscrición na X Mostra de Teatro Amador "Terras do Orcellón" 2017, implica a aceptación destas bases
- 5.- Como sempre as ofertas deben dirixirse, ben por correo ordinario ou electrónico, a:

Tiruleque, Grupo de Teatro
Rúa Tomás M^a Mosquera 36 - 1^a
Aptdo. 115
32500 O CARBALLIÑO (Ourense)
Tfnos. 988 27 00 90 * 617 35 44 56
tiruleque@galicia.com
tirulequeteatro@gmail.com

TERCEIRO (A modo de comentario)

- 1.- Aconsellamos ós grupos seleccionados que traian os seus propios filtros de cores.
- 2.- Avaliaremos positivamente a posibilidade de facer un intercambio co noso grupo de teatro.
- 3.- Pídense preferentemente comedias para adultos, porén se algún colectivo tén no seu repertorio un musical, drama, traxedia, revista ou unha obra infantil, que non nos deixe de mandar a súa proposta, xa que de non ser neste espazo, podería atopárselle outro semellante.
- 4.- Preferimos que a obra sexa orixinal do grupo. Estamos intentando fuxir dos pagos do canon ás sociedades de autores, que en todo caso correrán a cargo do grupo participante, ó que se lle xirará unha minuta de gastos pola factura que nos poida pasar a sociedade de autores, como xa se fixo no edición do 2016 a algúns dos grupos que pasaron polo Carballiño.

Queremos pechar esta leria nos primeiros días de Xullo Ron o deixedes de man que o tempo logo se bota derriba.

Esperámosvos!!! Ápertas.

O Carballiño, Abril de 2017.

